



High Paw e Saibran Yiyi acompañarán a Dios Ke Te Crew no concerto de apertura da xira 'Tremendos Anos 20' este venres 3 en Vigo

A banda máis emblemática do hip hop do país actuará na sala viguesa Masterclub e as entradas para a cita están dispoñibles a través do portal www.enterticket.es

O directo desta fin de semana é o punto de partida dunha xira especial coa que celebrarán dúas décadas na escena musical



Dios Ke Te Crew © Iago Vilarinho

27 de febreiro de 2023.- Dios Ke Te Crew, a banda máis emblemática do hip hop galego, arrinca este venres 3 de marzo en Vigo a **nova xira do grupo, nomeada "Tremendos Anos 20"**, coa que celebrará o seu vixésimo aniversario sobre os escenarios revisando os grandes éxitos da súa traxectoria e presentando as súas últimas creacións. A sala viguesa Masterclub acollerá esta fin de semana o primeiro dos directos do grupo, que estará acompañado pola singjay (cantante e MC) viguesa **High Paw** e polo trapeiro **Sibran Yiyi**, membro de Boyanka Kostova. As entradas para a cita, que comezará ás 23.00 horas, xa están á venda na plataforma www.enterticket.es



Dios Ke Te Crew é historia do rap en galego. Desde a súa formación no 2003, a banda conformada por **Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock** destacou polo seu enxeño, habilidade narrativa e humor próximo á actualidade. Logo da publicación de tres LP e percorrer ducias de festivais e salas de concertos por toda Europa, DKTC publicou o pasado 2022 'En que ano estamos?!', un EP con cinco temas nos que os seus membros demostran por que é considerada como a banda máis mítica do hip hop do país. Entre os novos tracks, acompañados por pezas audiovisuais de Xaime Miranda, destaca un dos himnos dos últimos tempos: 'OG', con Boyanka Kostova.

Este mes de marzo DKTC regresa ás salas ca xira '**Tremendos Anos 20**', na que presenta unha potente posta en escena audiovisual: as imaxes creadas polo artista de renome internacional e precursor do Gif Art, **A.L. Crego**, arroupan e interactúan co contido das cancións de DKTC, aumentando de maneira exponencial ás xa de por si enérxicas actuacións que caracterizan á banda. Logo da súa visita viguesa, Dios Ke Te Crew visitará o Playa Club da Coruña o vindeiro sábado 18 de marzo.

CONVOCATORIA - DIOS KE TE CREW EN VIGO

Acto: concerto de apertura da xira 'Tremendos Anos 20'
Data: venres 3 de marzo
Hora: 23.00 horas (apertura de portas ás 22.00)
Lugar: Masterclub (rúa Urzáiz,1)

Contacto de prensa DKTC
The Office Comunicación
Lucía Pita - 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Xira Tremendos Anos 20